



Expediente núm.: 2276/2023

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

RESOLUCIÓN

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 2 de outubro de 2025, para a provisión mediante concurso-oposición de dúas prazas de limpador/a para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4019.

Vista a acta emitida polo Tribunal Cualificador en relación ao proceso selectivo para dúas prazas de limpador/a para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4019, que se transcribe a continuación:

“O Tribunal, á vista das cualificacións finais obtidas, propón a Alcaldía nomear a, EVA MARIA PALACIOS ARCEO, MARIA ADELAIDA VILAR VARELA, para ocupar as dúas prazas de limpador/a para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4019, ao obter a maior cualificación final, por orde de puntuación.

O Tribunal, para cumprimento do sinalado nas bases 12 e 13, co fin de asegurar a cobertura de vacantes ou substitucións na mesma praza propón a seguinte e lista de emprego.

LISTAXE DE RESERVA:

1º JENNIFER GARCIA RAMOS

2º CLARIBEL FIGUEREDO OROPESA “

Vista a base décimo segunda das bases xerais que rexen o proceso, establécese que” Determinada a cualificación final dos aspirantes o Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.concellodefoz.es e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de aprobados, na que constará o aspirante seleccionado, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de aprobados conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados que superaron o proceso selectivo e non resultaron seleccionados, para conformar a lista de emprego establecida nas presentes bases.”

De conformidade co disposto na base décimo terceira, e de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. **RESOLVO:**

Primeiro.-Declarar a seguinte relación definitiva de aprobados por orde de puntuación:

1º EVA MARIA PALACIOS ARCEO

2º MARIA ADELAIDA VILAR VARELA

LISTAXE DE RESERVA:

1º JENNIFER GARCIA RAMOS

2º CLARIBEL FIGUEREDO OROPESA

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.concellodefoz.es, no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica e no BOP, constando a advertencia de recordar ás persoas aspirantes propostas que deberan presentar, no prazo de 20 días hábiles, a documentación sinalada na base décimo cuarta das bases xerais, para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

Terceiro.- Unha vez que xustifique documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nas bases de convocatoria, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como persoal laboral fixo, dos candidatos propostos.

DECRETO
Número: 2026-0654 Data: 28/08/2026

Cod. Validación: CWTCHZSMDDRRXG9ZFSSNTW
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





Mándao e asíno en Foz (Lugo) o día da sinatura electrónica que se indica na marxe da presente, ante min , o Secretario, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde,
Francisco Cajoto Caserío

A Secretaria en acumulación,
María Luz Balsa Rábade.

ASINADA DIXITALMENTE Á MARXE

DECRETO

Número: 2026-0654 Data: 28/08/2026

Cod. Validación: CWTCHZSMDJDDRRXGH9ZFS6NTW
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

